

Lei 5/1985, do 11 de xuño, de sancións en materia pesqueira, marisqueira e de cultivos mariños

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 326, do 22.9.1984.

Emendas, BOPG núm. 339, do 25.10.1984.

Debate de totalidade, DSPG núm. 93, do 27.11.1984.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 400, do 10.4.1985.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 409, do 30.4.1985.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 409, do 30.4.1985.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 113, do 7.5.1985.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 416, do 11.5.1985.

Diario Oficial de Galicia núm. 119, do 22.6.1985. Corrección de erros: DOG núm. 130, do 9.7.1985.

Boletín Oficial del Estado núm. 173, do 20.7.1985.

Lei 5/1985, do 11 de xuño, de sancións en materia pesqueira, marisqueira e de cultivos mariños

Pola Lei 13/1985, sobre sancións accesorias en materia de pesca, marisqueo e cultivos mariños, foille engadido a esta lei un novo artigo 11, co desprazamento de tódolos posteriores.

Pola Lei 3/1989 foron modificados os artigos 4, 5, 6, 7, 11 e 14 e foille engadida unha disposición adicional terceira.

Esta lei foi derogada pola Lei 6/1991, de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros.

A presente Lei sobre sancións en materia de pesca, marisqueo e cultivos mariños significa un esforzo tendente a unificar lexislación diversa existente na materia para crear un corpo legal que regule estas incidencias no ámbito da zona xeográfica galega, e tendo en conta principalmente as peculiaridades socio-económicas do sector.

Así, fuxiuse da tentación dunha ruptura traumática coa lexislación vixente ata a data, conservando o positivo que dela resulte e efectuando innovacións consecuentes coa realidade da lexislación estatutaria, a exclusividade normativa na materia e no marco administrativo propio da actividade.

A presente lexislación coida o principio de tipicidade das infraccións co fin de garantizalos dereitos e o libre exercicio da súa actividade polo administrado, procurando efectuar remisións a normativas que a desenvolven en

materias que no momento actual non se poidan concretar, co que, por unha banda, se defende o principio de legalidade e, pola outra, se limita a potestade regulamentaria a aspectos moi concretos; isto, en principio, pretende darlle a esta normativa un carácter de permanencia.

Manténdose a clasificación das infraccións, incorpora novos tipos de ilícitos administrativos que contemplan conductas infractoras en mercados interiores, referidas á posesión, transporte e comercialización de especies vedadas ou de tallas antirreglamentarias, e iso coa finalidade de conseguir unha adecuada protección dos bens xurídicos que se pretenden defender resultamente, calquera que fose o lugar no que se produza a conducta antixurídica.

Con isto non se pretende de ningún xeito invadir outras áreas da administración e as súas responsa-

bilidades, senón que se crea un marco legal que, con unidade de propósito, permite unha actuación ordenada e coordinada dos distintos sectores administrativos que, por outra parte, conservan a súa potestade normativa e regulada.

Outra nota que hai que destacar é o distinto tratamento sancionador utilizado nas faltas leves e nas cometidas desde ou con embarcacións na súa fase principal de execución; isto permite maior axilidade administrativa, sen merma por iso das garantías do administrado, ó tempo que, por unha parte, se amplían notablemente as facultades discrecionales das autoridades sancionadoras e, pola outra, se evitan determinadas lagoas legais existentes na anterior legalidade que, aparentando maior dureza represiva, convertían de feito o tratamento sancionador en meramente ilusorio.

Na súa virtude, visto o art. 37.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia, e sendo a materia regulada da súa competencia exclusiva, segundo o disposto no art. 27.15, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do devandito Estatuto e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de sancións en materia pesqueira, marisqueira e de cultivos mariños.

Artigo 1

1. As infraccións cometidas en materia pesqueira, marisqueira e

de cultivos mariños en augas de competencia da Comunidade Autónoma Galega serán sancionadas en vía administrativa con suxección á presente Lei e normas regulamentarias que a desenvolvan.

2. Cando os feitos cometidos puidesen revestir carácter delictivo, a Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación poraos en coñecemento das autoridades xudiciais competentes, sen prexuício do exercicio das accións civís e penais que procedan.

3. Non se poderán impor sancións administrativas e penais por uns mesmos feitos.

Artigo 2

Constitúe infracción administrativa nesta materia toda acción ou omisión tipificada como tal na presente Lei ou disposicións que regulamentariamente a desenvolvan.

Artigo 3

As infraccións administrativas obxecto desta Lei clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 4

1. Son infraccións leves as que vulneran normas relativas á policía e control de persoas, de buques e de establecementos marisqueiros, sempre que non sexan calificadas como graves ou moi graves na presente Lei.

2. Considéranse como infraccións leves:

a) As relativas ó incumprimento das regras de policía e control dos buques nas cuestións que atinquen ó número de tripulantes.

b) A falta de sinalización visible da matrícula e folio da embarcación.

c) As saídas ou entradas a porto antes ou despois do horario establecido regulamentariamente.

d) Ter maior potencia de motores cá máxima autorizada.

e) Embarcar tripulantes sen estar debidamente enrolados.

f) Realizar faenas de pesca sen acender tódalas luces ou sen exhibila sinalización diurna regulamentaria, así como non balizalas artes na forma regulamentada.

g) As que regulamentariamente merezan esta calificación no transporte ou comercialización de peixes, crustáceos ou moluscos de talla inferior á regulamentaria ou capturados en época de veda, cando o seu valor non exceda de 25.000 pesetas.

h) En xeral, tódalas violacións dun precepto técnico relativo á pesca, marisqueo e cultivos mariños tipificadas como infraccións administrativas leves nos regulamentos e convenios de pesca subscritos por España e con incidencia na Comunidade Autónoma de Galicia.⁽¹⁾

(1) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 4 foi modificado polo artigo único da Lei 3/1989.

Artigo 5

1. Consideraranse infraccións graves as accións ou omisións que lle causen prexuício ó medio ou ós recursos mariños renovables.

2. En todo caso, calificaranse como graves:

a) O uso ou a mera posesión de artes, aparellos e instrumentos prohibidos ou con medidas anti-regulamentarias.

b) Utiliza-la embarcación en modalidades pesqueiras para as que non está autorizada, conforme ós regulamentos dos distintos tipos de captura de especies, sendo irrelevante que os medios de pesca ou captura sexan ou non regulamentarios e que a zona de operacións estea ou non estea vedada.

c) A retención a bordo e o transporte a porto de especies inmaturas ou vedadas, capturadas en faenas de pesca ou marisqueo lícitas, agás nos casos expresamente permitidos.

d) A pesca ou captura de especies con equipos submariños non autorizados.

e) A pesca ou marisqueo submariño con botellas de osíxeno.

f) O exercicio da pesca ou marisqueo sen licencia ou permiso.

g) O uso indebido de permiso.

h) A pesca en fondos prohibidos ou en zonas e épocas de veda.

i) Capturar en pesca deportiva de superficie ou submariña, por persoa e día, máis do peso autorizado polo órgano competente ou comercializa-las capturas.

l) Realizar faenas de pesca sen acender ningunha das luces regulamentarias ou distintas das que lle corresponden ó tipo de pesca que se realiza.

ll) A descarga ou venda en lugares non autorizados, evadindo a normativa de descarga en portos e venda en lonxa de peixes, crustáceos, moluscos e outros produtos do mar.

m) A falta de auxilio ás autoridades de vixilancia pesqueira ou marisqueira sen xustificación cando sexa requirido por causa urxente da que se siga grave prexuício para o medio ou para os recursos mariños renovables.

n) O marisqueo en zonas e épocas vedadas.

ñ) As que regulamentariamente merezan esta calificación no transporte ou comercialización de peixes, crustáceos ou moluscos de talla inferior á regulamentaria ou capturados en época de veda, cando o seu valor exceda de 25.000 pesetas e non supere as 250.000.

o) A instalación de establecementos de cultivos mariños sen contar coa debida concesión ou autorización administrativa.

p) A alteración das características establecidas na corresponden-

te concesión ou autorización administrativa para viveiros, parques de cultivos mariños ou establecementos análogos.

q) O cambio de especies de cultivos en parques, viveiros ou establecementos análogos sen a correspondente autorización.

r) O traslado sen autorización dos postos de fondeo de bateas ou gaiolas.

s) O incumprimento das normas de control da produción e venda dos parques reguladores, parques de cultivo, depuradoras, cetáceas e establecementos análogos.

t) As especificamente previstas como tales infraccións graves nos regulamentos vixentes nas distintas modalidades ou clases.⁽²⁾

Artigo 6

1. Consideraranse como infraccións moi graves as accións ou omisións que causen prexuício ó medio ou ós recursos mariños non renovables.

2. Tipifícanse como infraccións moi graves:

a) O emprego de substancias venenosas, corrosivas ou contaminantes ou a súa simple posesión para o seu uso en labores de pesca ou marisqueo.

(2) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 5 foi modificado polo artigo único da Lei 3/1989.

b) O emprego en faenas de pesca ou marisqueo de artes ou métodos de arrastre, agás nos casos expresamente autorizados.

c) Impedir ou obstaculizar indebidamente a actividade pesqueira ou marisqueira dos autorizados a exercela, sempre que non constituía delito.

d) Faenar con tódalas luces apagadas —regulamentarias e de alumado—, non se facendo visible a embarcación.

e) Utilizar medios, modos ou formas tendentes a obstaculizaren ou dificultaren e impediren a acción de vixilancia, sempre que non constituía delito.

f) A introducción de especies ou individuos nas augas da Comunidade Autónoma Galega sen cumprilos requisitos que regulamentariamente se determinen.

g) As que regulamentariamente merezan esta calificación no transporte ou comercialización de peixes, crustáceos ou moluscos de talla inferior á regulamentaria ou capturados en época de veda, cando o seu valor exceda de 250.000 pesetas.⁽³⁾

Artigo 7

As infraccións leves serán sancionadas con multas de 5.000 ata

(3) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 6 foi modificado polo artigo único da Lei 3/1989.

25.000 pesetas; as graves de 25.000 a 500.000 pesetas; as moi graves de 500.000 a 5.000.000 de pesetas.

A gradación das contías fixaraa a autoridade sancionadora, tendo en conta as circunstancias que concorran en cada caso.

Para o abonamento das sancións estarase ó que determine o Regulamento Xeral de Recadación.⁽⁴⁾

Artigo 8

A competencia para a imposición de sancións por faltas leves corresponderalles ós Delegados Provinciais da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación; para a imposición de sancións por faltas graves ó Director Xeral competente na materia; e ó Conselleiro de Agricultura, Pesca e Alimentación a imposición de sancións por faltas moi graves.

Artigo 9

1. No suposto de terceira e sucesivas infraccións cometidas no transcurso de dous anos consecutivos, poderá elevarse a contía das multas respectivamente previstas ata o cincuenta por cento do máximo estipulado.

2. Así mesmo, os casos anteriormente contemplados levarán aparellada a inmovilización do buque por un período de ata tres

(4) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 7 foi modificado polo artigo único da Lei 3/1989.

meses; e tratándose de faltas moi graves o infractor poderá ser ademais suspendido no exercicio da actividade pesqueira ou marisqueira por prazo non superior a un ano nin inferior a tres meses.

Artigo 10

Tódalas sancións impostas anotarase no asento de inscrición de matrícula naval e nas súas respectivas libretas de navegación tratándose de tripulantes, así como nos asentos de inscrición de buques e o seu rol de navegación nos casos en que así corresponda.

Os sancionados poderán solicitar e obter a cancelación das anotacións polas infraccións cometidas cando transcorresen seis meses para as infraccións leves, un ano para as graves e dous anos para as moi graves, a partir da firmeza da resolución. Regulamentariamente determinarase a forma de levala a cabo.

Do mesmo xeito, anotación semellante efectuarase no expediente a que corresponda a licenza para o exercicio da actividade marisqueira ou de cultivos mariños.

(5)

(5) Reprodúcese a versión orixinaria. Polo artigo único da Lei 13/1985 foille engadido un novo artigo 11 a esta lei co desprazamento de tódolos posteriores. Asenade a este novo artigo 11 engadiuse-lle un apartado 4 polo artigo único da Lei 3/1989.

Artigo 11

Os expedientes sancionadores axustaranse en canto á súa tramitación e incidencia ás seguintes normativas:

1.— Nas infraccións calificadas como leves, así como en todas aquelas non cometidas desde ou con embarcacións na súa fase principal de execución, estarase ó disposto no Capítulo II do Título VI da Lei de Procedemento Administrativo do 17 de xullo de 1958.

2.— As restantes infraccións tramitaranse conforme ó procedemento establecido na Lei 53/82 de Sancións por Infraccións de Pesca e Marisqueo do 13 de xullo de 1982.

3.— Cando a resolución sexa absolutoria, procederase á devolución ó interesado das especies depositadas, de ser iso posible, e en caso contrario do seu valor, incrementado no interés legal.

Artigo 12

1. As autoridades e axentes encargados de coidar do cumprimento da presente Lei levantarán actas circunstanciadas das infraccións das que teñan evidencia que se cometeron, así como dos apremios e incautacións que procedan, adoptando as medidas oportunas para o seu coordinado cumprimento.

2. Os gastos de conservación e aseguramento serán pola conta do infractor.

3. As actas así levantadas, cos apresamentos e confiscacións practicadas, entregaranse baixo recibo ás autoridades delegadas competentes para a instrución do oportuno expediente.

4. Nos supostos en que se aprecie a tenencia ou uso de explosivos trasladarase o tanto de culpa á autoridade competente.

Artigo 13

As autoridades delegadas da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación son as competentes para instruí-los procedementos sancionadores, calquera que fose a súa gravidade e a sanción que presumiblemente se puidese impor.

Iniciado o expediente procederase a:

1.— Devolverlle ó mar as especies vedadas ou de talla antirreglamentaria levantándose a oportuna acta, e, no caso de que iso non sexa viable, acorda-la entrega para consumo a un establecemento benéfico.

2.— Depositar ou proceder á venda en pública subasta, segundo as circunstancias, das especies de tallas regulamentarias non vedadas, quedando estas ou o importe da súa venda a resultados do procedemento sancionador. O importe da venda depositarase na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma á disposición da autoridade que deba resolve-lo expediente.

3.— Ordena-la destrución das artes, aparellos, artefactos e instru-

mentos incautados por antirreglamentarios, levantándose diso a oportuna acta na que se concreten as características que os fan ser considerados como tales.⁽⁶⁾

Artigo 14

Contra as resolucións dictadas polas autoridades facultadas para sancionar poderanse interpo-los recursos establecidos na Lei de Procedemento Administrativo do 17 de xullo de 1958. A resolución do Conselleiro de Agricultura, Pesca e Alimentación pon fin á vía administrativa.

Disposición adicional primeira

Aplicarase con carácter supletorio nesta materia, para canto non fose previsto expresamente na presente Lei ou nos seus Regulamentos, a Lei de Sancións do 13 de xullo de 1982.

Disposición adicional segunda

Para a efectividade da presente Lei e nun prazo dun mes a partir da súa publicación, constituirase unha comisión de seguimento integrada por representantes das Consellerías afectadas, que adoptarán as medidas oportunas para o seu coordinado cumprimento.

(7)

(6) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 13 (novo 14) foi modificado polo artigo único da Lei 3/1989.

(7) Polo artigo único da Lei 3/1989 foille engadida unha disposición adicional terceira a esta lei.

Disposición transitoria primeira

Os expedientes que se atopan en trámite á entrada en vigor desta Lei seguiranse conforme á lexislación aplicada para a súa incoación.

Disposición transitoria segunda

Se no acto de dictar resolución sancionadora fosen máis beneficiosas para o infractor as contempladas na presente Lei, será de aplicación a mesma e a estes únicos efectos.

Disposición derradeira

Queda sen efecto e aplicación no ámbito da competencia da Comunidade Autónoma Galega a Lei de Sancións do 23 de decembro de 1961.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 1985

Gerardo Fernández Albor
Presidente